- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada ten como base un modelo de ensinanza comunicativo (cunha base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma) e orientado á acción, que se centra non só nas competencias lingüísticas, senón en todas as capacidades que o individuo debe utilizar para se integrar eficazmente na comunidade da lingua que está a estudar. Parte dunha idea do alumno como usuario da lingua.

Este enfoque ten como centro a realización de tarefas: na sociedade levamos a cabo tarefas (escribimos cartas, realizamos conversas, solicitamos información, expresamos opinións...) e isto é o que debe aprender a facer o alumnado. Unha tarefa é calquera iniciativa para a aprendizaxe que implique a realización na aula de actividades de uso da lingua representativas das que se poden levar a cabo fóra dela, que estea estruturada pedagoxicamente, que estea aberta á intervención activa e ás achegas persoais dos que a executan, que requira deles, unha atención prioritaria ó contido das mensaxes e que lles facilite ocasión e momentos de atención á forma lingüística.

A metodoloxía aplicada nas clases de segunda lingua estranxeira guiarase, polo tanto, polos seguintes puntos:

- Activa e participativa, favorecendo tanto o traballo individual do alumnado como o cooperativo, fomentando o traballo autónomo e a autoavaliación, de cara a procurar os progresos.
- Aprendizaxe significativa, de modo que as novas adquisicións do estudante enlacen cos coñecementos previos, tanto do seu repertorio lingüístico como do mundo, para dar lugar a reestruturacións mentais cada vez máis inclusivas, amplas e ricas.
- Aprendizaxe funcional, segundo o cal as actividades de ensino-aprendizaxe parten de situacións reais, académicas e sociais, e retornan a elas en formas diversas de aplicación científica, técnica, social, etcétera.
- Recursos didácticos diversos e fontes de información variadas, coa intención de chegar ás preferencias, gustos e habilidades dun maior número de alumnado, e ofrecer unha visión o máis ampla posible das culturas que vehicula a lingua estranxeira.
- Aprendizaxe lúdica. Na medida do posible as actividades levadas a cabo terán unha compoñente lúdica, de cara a crear un clima de traballo positivo, favorecendo que o alumnado demande máis traballo-xogo e, en consecuencia, a aprendizaxe progrese cun ritmo e profundidade maior.
- Métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.
- Emprego do francés como lingua vehicular na maior parte dos contextos posibles, tanto nas interaccións orais como nas escritas, favorecendo que o alumnado tamén a empregue para dirixirse ao profesorado, mais tamén aos seus iguais.
- Reflexión sobre o funcionamento da lingua, encamiñándoa a que o alumnado poida utilizar os coñecementos adquiridos sobre o novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como recurso para comprender mellor as alleas.
- Trátase o erro como un elemento necesario no proceso de aprendizaxe, evidenciando que calquera falante e aprendiz dunha lingua estranxeira os comete. Levaranse a cabo correccións conxuntas e sistemáticas das producións realizadas no grupo ou producións alleas, mostrando que a detección de erros contribúe a evitar os

propios. Valorarase positivamente a expresión, mesmo con erros ou recurso a outras linguais, fronte á non expresión (silencio).

- Coa finalidade de promover a comprensión lectora adicarase un tempo á lectura, así como actividades directamente ligadas ao fomento da lectura e á adquisición da competencia lingüística na súa vertente escrita (fotonovelas, banda deseñada, actividades de escritura e lectura en redes sociais, lecturas recomendadas, etc.). Estas actividades, e outras que poidan xurdir, incluíranse no plan lector do centro.

- Disposición da aula en pequenos grupos, de ser posible, o que facilita a interacción visual, a cooperación e promove unha mellor comunicación.

- Recursos dixitais: farase uso habitual da aula virtual, presentando material explicativo, tarefas a realizar, probas, etc. Propóranse proxectos que requiran documentarse ou apoiarse en ferramentas dixitais para a súa exposición, contribuíndo así á adquisición da competencia dixital, entre outras.

- A integración da preparación de probas de certificación (DELF Scolaire) resulta nunha mellora das destrezas lingüísticas e nun incremento da motivación do alumnado .

- A materia contribúe á competencia plurilingüe ofrecendo oportunidades para interactuar en situacións comunicativas e para reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparación entre as distintas linguas que se están a aprender (TIL - Tratamento Integrado das Linguas). O recoñecemento e a aprendizaxe progresiva das regras de funcionamento do sistema interno da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros de texto
Material complementario extraído de fontes diversas
Documentos auténticos en diferentes soportes
Páxinas web vinculadas ao FLE
Dicionarios en liña e/ou en papel
Recursos dixitais (tradutores, conxugadores etc)
Aula virtual

O manual de referencia empregado será Parcours 3, da editorial Santillana. Grazas a un acordo acadado coa editorial, este curso o departamento de Francés constituirá un fondo de libros que lle permitirá prover o alumnado do Pack de l'élève (que inclúe o Livre de l'élève e un Livret) en réxime de préstamo. O alumnado deberá so facerse co Cahier d'activités correspondente, que será traballado de modo complementario. Este material servirá de folla de ruta, sen ser condición a realización de todas as tarefas.

De ser necesario, completaranse as explicacións e actividades do manual con outros materiais en función das necesidades do grupo.

Farase igualmente uso de documentos auténticos, escollidos ad hoc por temática e nivel de dificultade lingüística. Concretamente, o uso deste tipo de material conecta o alumnado coa realidade cultural e lingüística da materia e constitúe un elemento motivador en si mesmo, no que radica a súa valía.

A aula virtual servirá de plataforma de referencia e consulta: explicacións, tarefas, avisos, comunicación entre iguais e co docente.

Farase uso de páxinas web e aplicacións vinculadas ao FLE (ou non) como fonte de práctica (exercicios en liña), de lectura e información (prensa, redes sociais, etc.), de consulta (dicionarios, tradutores, conxugadores, etc), xogos e instrumentos de avaliación.

Exporase na aula cartelería que sirva para motivar ao alumnado, lembrar aspectos lingüísticos e culturais que resulten curiosos ou que garden certa dificultade de adquisición, imaxes vinculadas ás culturas que vehicula a lingua estranxeira, etc.

Levaranse a cabo actividades e probas segundo modelos das probas de certificación do DELF scolaire da Alliance

Française e das Escolas Oficias de Idiomas para avaliar o grao de consecución das diferentes destrezas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Adicarase á avaliación inicial as tres primeiras sesións do curso. Levaranse a cabo diferentes actividades de repaso que permitirán avaliar o nivel inicial do alumnado.

Recollerase tamén información académica (estudios previos de francés, materias pendentes, repetición de cursos, etc.) e persoal (situación familiar, necesidades educativas especiais, etc.) que poida afectar ó proceso de ensino/aprendizaxe. Perdiráselle información ao alumnado, ao profesorado titor ou de cursos anteriores e, de ser necesario, ao departamento de orientación e ás familias.

Como consecuencia dos resultados da avaliación inicial pódense adoptar medidas colectivas ou individuais, consistentes na realización de exercicios ou actividades de revisión ou consolidación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	20	20	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

A avaliación será continua, formativa e sumativa, e realizarase seguindo os criterios de avaliación que figuran no punto 3.3 esta programación, para cada unha das UD.

Como procedemento para avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos da materia empregárase a observación directa do desempeño do alumnado na aula como a análise e a valoración das diferentes actividades, probas, tarefas e traballos realizados na aula física e/ou virtual. Para cualificar o traballo do alumnado deseñaránse e/ou aplicaránse instrumentos de avaliación como rúbricas, escalas de observación, cuestionarios, controis escritos etc.

Con carácter xeral, realizarase en cada trimestre:

- Dúas probas escritas, unha por cada unidade didáctica, que poderá incluír actividades e exercicios de comprensión e expresión escrita, de comprensión oral e de diversos aspectos do coñecemento da lingua (gramaticas, léxicos, comunicativos, culturais etc), relacionados coa materia traballada na aula. Cada unha destas probas terá un peso dun 35 % na nota de cada avaliación. En total suporán por tanto un 70 % da nota de cada avaliación.

*O alumnado que non asista na data de realización das probas deberá xustificar debidamente a falta. Se está xustificada, deberá realizar a proba na nova data indicada polo profesorado. Se non existise xustificación para a ausencia, perderase a oportunidade de realizar a proba e esta computará cun 0 no cálculo da media ponderada do correspondente trimestre.

- Unha proba de expresión oral (se polo motivo que fose, non puidese esta proba levarse a cabo substituirase pola observación e rexistro da competencia oral amosada polo alumnado na aula ao longo do trimestre), cualificada mediante a correspondente rúbrica. Esta proba suporá o 10 % da nota da avaliación e poderá incorporar os diferentes contidos traballados ao longo do trimestre.

- Unha valoración do desempeño das competencias do alumnado na aula baseada na observación directa do grao de realización das tarefas encomendadas (deberes, exercicios, probas, participación na clase etc),

obxectivada mediante o uso da correspondente táboa de indicadores. Este apartado suporá un 20 % da nota da avaliación.

A cualificación de cada trimestre resultará das porcentaxes arriba indicadas. Para superar a materia en cada trimestre será preciso acadar unha cualificación igual ou superior a 5.

A cualificación da avaliación ordinaria obterase da suma das cualificacións trimestrais segundo a seguinte ponderación:

- 1ª avaliación: 30 %
- 2ª avaliación: 30 %
- 3ª avaliación: 40 %

Para superar a materia será preciso que a nota media ponderada entre os distintos trimestres sexa igual ou superior a 5.

* Para cada unha das avaliacións o redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 7.
- Sempre que non se teñan 3 ou máis faltas de deberes acumuladas no trimestre.
- Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.

Crterios de recuperación:

A pesar de que parte dos contidos son específicos de cada unidade didáctica, estes son ata certo punto progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, polo que ao aprobar se se aproba a terceira avaliación as anteriores quedarán automaticamente recuperadas, sempre que a nota media entre elas sexa igual ou superior a 5. En caso de non acadar unha nota media de 5 puntos ou superior, quedará a criterio do profesorado realizar unha proba para recuperar a parte da materia non superada ou a súa totalidade, se fose o caso.

Aínda que non será o procedemento ordinario, en determinados casos, ao longo do curso, poderanse realizar exames específicos de recuperación de partes da materia non superada, se o profesorado o estima oportuno.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Entregarase un boletín de exercicios e actividades trimestral, que o alumnado deberá devolver completado no prazo indicado pola Xefatura do departamento. Para recuperar a materia pendente deberá acadarse unha nota igual ou superior a 5 en cada un destes boletíns. Se o alumnado non entregase os boletíns ou non acadase a nota mínima precisa para aprobar, deberá presentarse a un exame final na data indicada pola Xefatura do departamento. O alumnado que teña a materia pendente do(s) curso(s) anterior(es) e que estea cursando esa mesma materia nun nivel superior, recuperará automaticamente a materia se supera a materia do nivel actual.

6. Medidas de atención á diversidade

Enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. En consonancia coas medidas que a lexislación prevé que o equipo directivo, o profesorado titor e os servizos de orientación deben observar, como profesorado específico da materia de segunda lingua estranxeira cómpre levar a cabo estas outras:

- a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando AO o profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.
- c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.
- d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

As medidas de atención á diversidade (MAD) deben ter un carácter preventivo e compensador. A primeira delas será a avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

Segundo o perfil do alumnado, a atención á diversidade concretarase coas seguintes medidas:

a) O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

No caso de alumnos que xa superaron os obxectivos da materia de francés pero están repetindo por suspender outras materias, se lles proporán actividades de ampliación, lecturas complementarias adaptadas ao seu nivel e tarefas cun maior grado de complexidade, para que poidan seguir mellorando a súa competencia comunicativa.

b) O alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

- Exención da materia de 2ª lingua estranxeira.

- Adaptación de obxectivos, contidos e actividades propostas na programación das unidades.

- Adaptación de tempos e/ou materiais nas probas.

- Adaptación dos materiais utilizados na clase.

- Este alumnado situarase estratéxicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.

c) O alumnado con necesidades educativas especiais.

Na medida en que este alumnado, que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, escollen cursar esta segunda lingua estranxeira, poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

- A lexislación prevé que as administracións educativas doten este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade, polo que, de ser o caso, sempre que faciliten estes recursos poranse á disposición do alumnado.

- Procurarase impartir as clases de maneira que o alumnado con algunha discapacidade física poida acceder aos materiais, explicacións, tarefas, instrumentos de avaliación de xeito normalizado, sen que a súa discapacidade supoña un impedimento. (por exemplo: material visual e tarefas escritas para o alumnado con problemas de audición, material manipulativo e sonoro para o alumnado con problemas de visión, material adaptado dixitalmente para o alumnado con problemas motrices e dificultades para a escrita, etc.)

- Implicarase o alumnado con necesidades derivadas de trastornos graves da comunicación e da linguaxe nas mesmas tarefas que o resto do grupo aínda que con distintos niveis de apoio e esixencia, favorecendo así a súa integración no grupo.

- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante o traballo cooperativo e organizado.

d) O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán procurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.

e) O alumnado con altas capacidades intelectuais.

Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Adoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos. -Proporanse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.

- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.

- Na medida do posible, integraranse as áreas de interese deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.

- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

- Propóranselle tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

f) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular. É moi posible que este alumnado xa fose proposto para unha exención da segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO. De non ser así, e seguir cursando a materia en 3º ESO, pode ser necesario aplicar algunha das MAD relacionadas a continuación:

- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e reducir as distancias co grupo de referencia.

- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.

- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.

- Adoptar un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente en momentos posteriores.

g) Medidas para alumnos con dificultades puntuais na materia:

- Reforzos puntuais a través de explicacións individualizadas durante a clase ou fóra dela.
- Actividades e exercicios adicionais de repaso e consolidación.
- Bibliografía adicional e relación de webs que permitan ós alumnos repasar e afondar nos aspectos máis complexos traballados na aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Compresión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Liberdade, equidade e xustiza	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Prevención da discriminación por calquera razón (orixe social, xénero, orientación sexual, procedencia xeográfica, aspecto físico ou outra)	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Hora de ler	No centro dedícase unha hora semanal á lectura libre. O departamento fará recomendacións de lecturas en francés.	X	X	X
Clube de lectura	En colaboración co clube de lectura da biblioteca do centro, proporanse lecturas en francés,	X	X	X
Cine en francés	Proporase o visionado dalgunha película en francés, segundo a dispoñibilidade.	X	X	X
Journée de la francophonie	Na semana do 20 de marzo proporanse actividades orientadas a poñer en valor a francofonía.		X	
Actividades, exposicións, certames ou actos culturais	Segundo a oferta existente na vila ou nos arredores, o departamento poderá propor a asistencia a algún acto cultural.	X	X	X
Preparación de exames oficiais - CUALE	O departamento informará o alumnado sobre o programa CUALE que se desenvolve no centro, así como doutras probas de certificacións oficial (DELF de la Alianza Francesa).	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Cúmprese con carácter xeral co planificado na programación.
Impártense os contidos programados.
A temporalización resulta adecuada.
Os instrumentos e procedementos de avaliación son adecuados.
Aténdese aos elementos transversais.
Os criterios de avaliación están correctamente distribuídos nas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Os materiais didácticos empregados resultan adecuados.
O libro de texto é adecuado.
Foméntase o uso do francés para comunicarse na aula.
Ofrécese ao alumnado o resultado das probas e traballos e explícaselle os aspectos máis relevantes da corrección.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os agrupamentos de aula funcionan.
Os recursos empregados son adecuados.
Medidas de atención á diversidade
O nivel de dificultade é adecuado ás características do alumnado.
O alumnado con necesidades específicas de atención educativa están adecuadamente atendidos.
Clima de traballo na aula
O clima de traballo é agradable e propicio ao correcto desenvolvemento do currículo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe unha adecuada comunicación coas persoas titoras e/ou coas familias, sempre que é preciso.
Outros
Os resultados das probas e das avaliacións son satisfactorias.
O alumnado está con carácter xeral satisfeito co desenvolvemento da materia.

Descrición:

Para avaliar a adecuación da propia programación didáctica, o proceso de ensino e a práctica docente empregaranse os seguintes mecanismo e procedementos:

- Valoración rutinaria de carácter xeral nas reunións mensuais de departamento.
- Seguimento da programación a través da propia aplicación PROENS.
- Análise trimestral dos indicadores de logro despois de cada avaliación mediante o uso dunha rúbrica.
- Enquisa ao alumnado sobre diferentes aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe.

Estes elementos deberán permitir facer un balance dos resultados obtidos no proceso educativo e do grao de cumprimento do previsto na programación, así como identificar necesidades e carencias, que precisan ser corrixiadas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica serán de dous tipos:

1. Unha avaliación progresiva que permita identificar o grao desenvolvemento dos obxectivos, contidos, criterios, procedementos e instrumentos de avaliación, metodoloxía e medidas de atención á diversidade e axustalos á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro. Esta análise realizarase nas reunións do departamento de Francés e nas avaliacións; de ser necesario introduciranse os cambios ou axutes oportunos durante o transcurso do ano académico. Ao final de cada trimestre, encherase unha rúbrica deseñada ad hoc para valorar os indicadores de logros recollidos no punto 8.1 desta programación.

2. Unha avaliación final que serva para valorar o desenvolvemento xeral das actividades dependentes do departamento e reflexionar de maneira conxunta sobre as medidas de mellora que deben ser introducidas de cara ao vindeiro curso. Esta avaliación final deberá quedar recollida na memoria final do departamento, documento que deberá incluír os seguintes aspectos:

- Unha análise cuantitativa e unha síntese reflexiva dos resultados acadados e as dificultades atopadas en cada grupo.
- Unha valoración do grao de eficacia e de cumprimento dos diferentes aspectos recollidos na programación didáctica.
- Un balance sobre os puntos positivos e negativos detectados na programación didáctica e na praxe docente, xunto coas propostas de mellora para o vindeiro curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	IES Ribeira do Louro	O Porriño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	2ª Lingua estranxeira - Portugués	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	27

1. Introducción

Neste curso 2022-2023 impártese a materia de Portugués 2ª Lingua Estranxeira dentro do departamento de Lingua Galega e Literatura.

O coñecemento do portugués inflúe na valorización positiva do galego e reforza a aprendizaxe do noso idioma e da súa historia, contribuíndo a depuralo de castelanismos. Non podemos esquecer, por outra parte, o forte vínculo que supón a base común do tronco lingüístico galego-portugués, tanto no referente á Lingua como á Literatura, Historia, e Cultura, factores todos eles que nos unen ao que constitúe actualmente a Lusofonía.

A proximidade física do territorio portugués favorece a práctica e o uso da lingua que se vai estudar nas aulas. O dominio da Lingua Portuguesa acrecenta as saídas laborais do noso alumnado sobre todo pola proximidade de Portugal.

Cada vez son máis as empresas ou particulares de Galicia que traballan en Portugal, ou para o país veciño, e demandan profesionais coñecedores do seu idioma. Tamén o Eixo Atlántico e a creación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal contribúen a aumentar as relacións institucionais e de todo tipo entre os dous lados fronteirizos. Así, o alumnado galego é o mellor posicionado da UE para aprender portugués dada a súa proximidade territorial e lingüística. En pouco tempo pode acadar un nivel óptimo de portugués, polo que se constitúe nunha materia atractiva e útil para o alumnado e para o conxunto da sociedade galega.

O dominio da Lingua Portuguesa acrecenta as saídas laborais no Brasil, potencia emerxente que concentra 200 millóns de falantes. O portugués é lingua de traballo da UE, do Mercosul, da OEA e a Unión Latinaentre outros organismos supra-estatais.

O portugués é falado por uns 220 millóns de persoas en catro dos cinco continentes (Europa, América, África, Asia) . Estáselle, daquela, a ofertar ao alumnado unha aprendizaxe moi útil para a súa vida de relación humana, cultural e laboral.

Trátase dunha programación de carácter elemental, nivel A1 para 1º de ESO, axustada aos contidos elementais da lingua para atinxir un nivel básico de oralidade e escrita en situacións cotiás da vida. Ao tempo, farase un achegamento á cultura da Lusofonía, tendo en conta as diferentes variedades e a pluralidade de comunidades e países que a integran. Este aspecto irá en aumento nos sucesivos cursos.

A metodoloxía será activa, utilizando todas as ferramentas ao noso alcance (textos, material audiovisual, Internet?) e tendo en conta as Competencias básicas que deben ser acadadas.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o alumnado realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas, ou identificar termos emparentados en todas as linguas (en maior medida no caso do portugués), senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais. No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra parte, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas.

Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que cómpre desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario/a competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz de ambas as linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

O dito anteriormente converte o portugués nunha vía estimable de eliminación de prexuízos arredor do galego, favorecida polo posicionamento deste como unha das linguas maioritarias no contexto internacional (arredor de 200 millóns de falantes estendidos por todo o planeta), e conferíndolle, xa que logo, como se diría na lingua irmá unha *¿mais valia?* á lingua galega que reforce a súa utilidade e estatus.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras, que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. A finalidade é construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias lingüísticas, e dentro delas, as linguas estranxeiras, perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadás e cidadáns cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións propias, claras e fundamentadas, e de sentir satisfacción, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Segunda Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda.

O nivel académico correspóndese coa escala internacional A2

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	<p>1º PERÍODO: Unidade 0: Vamos rever! Unidade 1: Quais sao as tuas ferias ideais? Unidade 2: Festivais Unidade 3: Televisao, internet: prós e contras</p>	<p>Repaso e o português no mundo Describir lugares: falar sobre viaxes, férias. Expresar un desexo. Formular hipóteses/imaxinar situacións irrealis. Escribir un roteiro vacacional. Escribir unha carta informal Pretérito imperfecto de indicativo (expresar un desexo, valor condicional) Falar e escribir sobre música Falar de accións que se iniciaran/repetiran no pasado mais que continúan até o presente Léxico relacionado coa música Participios pasados regulares e irregulares, pretérito perfecto simple e composto do indicativo. Adverbios e locucións adverbiais Ler, analizar e retirar información de diferentes programas Falar dunga acción pasada a outra tamén pasada Reflexionar sobre as vantaxes e desvantaxes da tv e internet. Expor e argumentar unha idea. Léxico relacionado coa comunicación social Pretérito mais-que perfecto composto do indicativo Articuladores de discurso para establecer relacións temporais, expresar opinión e conclusión</p>	30	40	X		
2	<p>2º PERÍODO: Unidade 4: Atenção! Ação! Unidade 5: Unidade 5: No mundo da moda Unidade 6: ídolos</p>	<p>Falar sobre cinema, xéneros de filmes, profesións e libros co seu léxico correspondente. Dar unha opinión sobre un filme, un libro. Comprender e redactar unha sinopse Pronomes relativos invariábeis e variábeis Falar sobre moda Pedir e dar consellos/suxestións. Facer pedidos, pedir e dar licenza. Escribir sobre moda Modo imperativo Falar sobre temas relacionados coa adolescencia Utilizar o léxico formal e informal Referir as palabras de outras persoas usando os recursos para transmitir as palabras doutros Trasmistir oralmente e por escrito mensaxes/recados persoais Discurso directo e discurso indirecto</p>	30	35		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	2º PERÍODO: Unidade 4: Atención! Acao! Unidade 5: Unidade 5: No mundo da moda Unidade 6: ídolos	Verbos introdutores de discurso indirecto	30	35		X	
3	3º PERÍODO: Unidade 7: Uma viagem ao futuro Unidade 8: Vamos manter o noso planeta limpo! Unidade 9: Amigos para sempre!	Pedir e dar opinións sobre as novas tecnoloxías. Léxico das novas tecnoloxías Falar de accións e acontecementos futuros Expresar a probabilidade/Dar informacións con diferentes graos de probabilidade Facer previsións/ falar sobre accións imaxinarias no futuro Formular hipóteses sobre cousas que están a acontecer agora/hipóteses que consideramos probábeis ou posíbeis Expresar finalidade, presentar argumentos Futuro imperfecto do indicat. Adverbios e expresións adverb. de futuro: adverb. de tempo, dúbida, expresións de tempo. Infinitivo persoal e imper. Preposicións e locucións prep. Identificar, reflexionar e falar de problemas ambientais Escribir unha noticia medioambiental. Léxico do ambiente e os seus problemas. Expresións idiomáticas. A voz pasiva Falar de relacións de amizade. Falar de accións de realización poco probábel Formular un pedido dunha forma delicada Expresar dúbida, incerteza sobre feitos pasados. Desmostrar sorpresa, indignación en frases interrog e exclam. Condicional	40	30			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	1º PERÍODO: Unidade 0: Vamos rever! Unidade 1: Quais sao as tuas ferias ideais? Unidade 2: Festivais Unidade 3: Televisao, internet: prós e contras	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns		
CA1.2 - Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que no caso da oralidade estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.	Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico,		
CA1.3 - Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos:	PE	65
CA1.4 - Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado.	Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente,		
CA1.5 - Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia.		
CA1.6 - Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiáns e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiáns e de necesidade inmediata,		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.		
CA1.8 - Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adequación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adequación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final)		
CA1.9 - Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.		
CA1.11 - Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, carteis, programas, folletos, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, carteis, programas, folletos, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.		
Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios na aula virtual docentro ou na do plan Edixgal.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	IES Ribeira do Louro	O Porriño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A educación en valores cívicos e éticos constitúe un requisito necesario tanto para o exercicio activo e responsable da cidadanía como para o desenvolvemento da autonomía moral e da personalidade do alumnado. Non hai dúbida de que estes dous propósitos se encontran relacionados entre si, en canto non é posible un exercicio activo e responsable da cidadanía democrática sen un compromiso ético persoal, libre e fundamentado, con determinados principios e valores. De aí a necesidade de que toda educación cívica ou en valores estea traspasada por ese exercicio reflexivo e crítico sobre a moral individual e colectiva que representa a ética filosófica.

En termos xerais, e de acordo cos obxectivos educativos e co perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico, a formación en valores cívicos e éticos implica mobilizar o conxunto de coñecementos, destrezas, e actitudes, así como os valores que lle permiten ao alumnado tomar conciencia da súa identidade persoal e cultural, afrontar cuestións éticas fundamentais e adoptar unha actitude consecvente co carácter interconectado e ecodpendente da súa vida en relación coa contorna; todo iso co obxecto de poder apreciar e aplicar con autonomía de criterio aquelas normas e valores que rexen a convivencia nunha sociedade libre, plural, xusta e pacífica.

A materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos supón un maior nivel de profundación e desenvolvemento dos catro ámbitos competenciais fundamentais sobre os que se organizaba, como área, na educación primaria. O primeiro é o do autoconhecimento e o desenvolvemento da autonomía moral. O segundo atende á comprensión do marco social de convivencia e ao compromiso ético cos principios, valores e normas democráticas que o rexen. O terceiro refírese á adopción de actitudes compatibles coa sustentabilidade da contorna desde o entendemento da nosa relación de inter e ecodpendencia con el. E, finalmente, o cuarto, máis transversal e dedicado á educación das emocións, ocúpase de desenvolver a sensibilidade e a conciencia e xestión dos afectos no marco da reflexión sobre os valores e os problemas éticos, cívicos e ecosociais. Pola súa vez, cada un destes ámbitos competenciais desenvólvese en dous niveis integrados: un máis teórico, dirixido á comprensión significativa dos conceptos e cuestións máis relevantes da materia; e outro, máis práctico ou instrumental, orientado a promover, desde a reflexión crítica e o diálogo argumentativo, condutas e actitudes acordes con aqueles valores éticos, cívicos e ecosociais que orientan á convivencia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconhecimento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodpendente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Ética: cuestións preliminares	Nesta primeira unidade adicarémonos á contextualización da Ética dentro do conxunto dos saberes filosóficos. Isto levaranos a interesarnos pola propia natureza humana, sendo a liberdade e as emocións cuestións centrais para o análise da mesma. Tamén será fundamental o estudo da razón práctica e do rol que ten a vontade na nosa vida.	12	5	X		
2	Teorías éticas	O obxecto de estudo desta segunda unidade serán as teorías éticas de maior relevancia no pensamento occidental ao longo da súa historia, asemade das súas relacións con outras áreas de coñecemento.	12	6	X		
3	Ética e sociedade	Nas sesións adicadas a esta unidade veremos cal é a relación entre ética e política, incidindo nos fundamentos da xustiza e dos dereitos humanos.	19	6		X	
4	A democracia contemporánea	Nesta unidade veremos cales son as condicións nas que se desenvolve a vida humana nas democracias actuais. Serán aspectos nucleares, entre outros, a igualdade de xénero, o belicismo e a intelixencia artificial.	19	6		X	
5	Ética e medio ambiente	Levando a nosa reflexión ética a un plano maior, debemos recoñecer que o xeito no que nos relacionamos co planeta tamén debe ser obxecto de de estudo. Por iso,	19	6			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Ética e medio ambiente	nesta unidade veremos o estado desta cuestión na actualidade.	19	6			X
6	Os dereitos dos animais	Remataremos o curso vendo outro dos puntos que artellan a ética do coidado: a maneira na que interactuamos cos animais.	19	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Ética: cuestións preliminares	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.	TI	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A natureza humana. - Liberdade e moralidade como características especificamente humanas. - A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital. - A educación de emocións e sentimentos. - O obxecto da ética. - A autoestima persoal. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - A educación afectivo-sexual. - Análise das accións. - Os motivos da acción: desexos e razóns. - A vontade como razón práctica. - A autonomía da vontade. - A responsabilidade das accións.

UD	Título da UD	Duración
2	Teorías éticas	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.	TI	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética e as éticas como guías das nosas accións. - O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais. - Universalismo e pluralismo moral. - Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude. - Ética e dereito. - Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito. - O conflito lexitimidade-legalidade. - A obxección de conciencia. - Os dereitos individuais e os deberes cidadáns. - O debate sobre a liberdade de expresión. - A ética na sociedade actual. - O problema da desinformación. - A protección de datos e o dereito á intimidade. - O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais. - As condutas adictivas.

UD	Título da UD	Duración
3	Ética e sociedade	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.	TI	100
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A sociedade humana: natureza e orixe.

Contidos

- As estruturas sociais e os grupos de pertenza.
- Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo.
- A convivencia social.
- As virtudes do diálogo e as normas de argumentación.
- A resolución pacífica de conflitos.
- A empatía cos demais.
- A política.
- Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade.
- Formas de Estado e tipos de goberno.
- A democracia: principios, procedementos e institucións.
- O Estado español como estado social e democrático de dereito.
- Valores constitucionais.
- A memoria democrática.
- Os dereitos humanos.
- Referente moral da democracia e a xustiza social.
- Xeracións e historia dos dereitos humanos.
- Dereitos da infancia.
- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.
- A participación democrática: ser cidadáns.
- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.
- A procura da xustiza social.
- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.
- Globalización económica e bens públicos globais.
- O comercio xusto.
- O valor social dos impostos.

UD	Título da UD	Duración
4	A democracia contemporánea	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.	TI	100
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A igualdade de xénero.

Contidos

- As diversas ondas e correntes do feminismo.
- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.
- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.
- A sociedade e a cidadanía plural.
- O interculturalismo.
- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.
- Os dereitos LGTBIQ+.
- A convivencia pacífica e segura.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.
- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.
- O dereito internacional e a cidadanía global.
- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.
- Os desafíos da democracia actual.
- Os códigos deontolóxicos.
- As éticas aplicadas.
- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.
- O desafío da intelixencia artificial.
- As propostas transhumanistas.

UD	Título da UD	Duración
5	Ética e medio ambiente	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodpendencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.	TI	100
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente. - Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta. - Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodpendencia. - A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración. - Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. - Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos. - Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable. - Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul. - Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable. - Consumo responsable e soberanía alimentaria. - Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais. - Xustiza ecolóxica.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo. - Ecofeminismo e ética do coidado.

UD	Título da UD	Duración
6	Os dereitos dos animais	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodpendencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.	TI	100
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Haberá que acadar a lo menos un 5 (sobre 10) para a superación deste ítem. A nota acadarase coa media das probas orais e escritas que se realicen.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Protección e dereitos dos animais. - Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais. - O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Aspectos xerais.

Co obxectivo de despertar o interese do alumnado pola materia, a metodoloxía debe estar dirixida á súa motivación e ser activa e participativa. As pautas de acción serán:

- 1) Partir da competencia inicial do alumnado considerando os seus coñecementos previos.
- 2) Favorecer a adquisición de aprendizaxes significativos en virtude da conexión de novos contidos con eses coñecementos previos. Terán especial importancia as actividades de síntese ao final de cada unidade, as cales favorecerán unha memorización comprensiva.
- 3) Traballar na consecución de aprendizaxes funcionais froito da relación entre contidos e contexto do alumnado. Isto lévanos a ter en conta a diversidade, respectando diversos ritmos e estilos de aprendizaxe. Asemade, débese manter un enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas, favorecendo a posta en práctica das competencias de xeito integrado e holístico. Consecuentemente, será habitual o uso das TICs, a análise de documentos en múltiples formatos.
- 4) Fomentar a aprendizaxe autónoma, de xeito que o que aprendido faculte ao alumnado para desenvolverse por si mesmo no manexo das distintas ferramentas. Isto determina o papel docente, que se axustará á figura de mediador e guía.

Estratexias metodolóxicas.

Para acadar os obxectivos propostos, as clases desenvolveranse de acordo ás seguintes actividades de ensino-aprendizaxe:

- 1) Iniciaranse as unidade revisando contidos tratados valorando, mediante preguntas orais e materiais guía, o nivel de coñecementos previos do alumnado.
- 2) Tódalas unidades comezarán cunha exposición da contextualización que facilite a explicación e a adquisición dos contidos. Asemade, ó inicio de cada sesión procederase a unha recapitulación dos contidos previos e, ó rematar a sesión, un resumo do traballado.
- 3) Concluída a exposición, realizarase unha actividade de desenvolvemento (comentario de texto, webquest ou debate) para fixar os contidos esenciais e establecer relacións co traballado.
- 4) Na última sesión realizarase unha actividade de síntese para a revisión dos contidos.
- 5) Os recursos TIC serán ferramentas sempre presentes en cada UD.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos
Audiovisuais
Medios informáticos

Apuntamentos: o proceso de ensinanza-aprendizaxe terá como referencia os contidos recollidos nos apuntamentos e complementos didácticos de ditos contidos. Este curso 22-23 non se empregarán manuais específicos nas materias do departamento, senón que se lle fará chegar ó alumnado o material a través da aula virtual ou do servizo de reprografía do centro.

Audiovisuais: Nas unidades didácticas está previsto o uso de mass media que actúen como elementos motivadores e documentos de traballo.

Medios informáticos: Os computadores na aula de informática serán unha ferramenta útil para o alumnado no acceso xestión dos materiais documentais na aula virtual. Asemade, na aula empregaranse os portátiles entregados ao alumnado para traballar a través de EDIXGAL.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Con carácter obrigatorio, realizarase unha proba de avaliación inicial para comprobar o dominio das competencias por parte do alumnado, a cal se realizará na primeira semana de curso. Terá un carácter cualitativo e non se ponderará.

Esta proba non terá peso na cualificación do alumnado, pero obteremos información respectiva ao nivel competencial dos distintos grupos avaliados e facilitaranos a detección de necesidades individuais e colectivas que poderían materializarse en adaptacións metodolóxicas e de recursos.

A comunicación coas familias do alumnado optimizará aínda máis o proceso de ensinanza-aprendizaxe, polo que se realizará tanto a petición das propias familias, en horario de atención ás familias, como a través da titoría, dentro do horario oficial de cada titoría de grupo.

A avaliación inicial terá o seguinte formato:

- 1) Un comentario de texto breve;
- 2) dúas cuestións breves sobre o mesmo texto.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	12	19	19	19	19	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A cualificación dunha avaliación será resultado da media aritmética da cualificación acadada entre as UD's que se traballarán por avaliación, sendo o 5 sobre 10 o mínimo para aprobala. Haberá que ter en conta que a cualificación de cada UD resultará da suma dos resultados acadados en cada CA propio da unidade. A unidade está aprobada cando a suma dos mínimos acada, polo menos, un 5, é dicir, o 50%, aínda que algún mínimo non se supere.

A cualificación final do curso será a media aritmética das 3 avaliacións. A nota final será a media aritmética das notas das tres avaliacións tendo en conta que o cálculo da media do curso farase coa nota real (coas décimas obtidas) e non coa nota oficial (os números enteiros). En canto ás cualificacións, cabe apuntar que só a partir das 55 décimas, se transforma a nota no número enteiro seguinte. O mínimo para aprobar será o 5 sobre 10.

Criterios de recuperación:

Para poder facer esta media final e superar a materia deberanse superar tódalas unidades. Se fose preciso, o sistema de recuperación de cada avaliación suspensa ó longo do curso constará dunha proba oral ou escrita de semellantes características e contidos que os apuntados para as probas ordinarias. A nota da recuperación virá determinada polos mesmos principios arriba apuntados. A este respecto, cabe realizar as seguintes puntualizacións:

- 1) Haberá unha recuperación ordinaria para cada avaliación suspensa ou para subir nota (neste último caso sempre se porá a nota desta recuperación).
- 2) Contemplarase a posibilidade de realización dunha recuperación ordinaria para cada proba, procedemento e instrumento, sempre seguindo a máxima de favorecer ó alumnado no máximo posible.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A programación recolle a necesidade de elaborar un plan de seguimento individualizado do alumnado que non superase a materia. Dito plan realizarase en coordinación co alumnado e contempla os seguintes elementos:

- 1) Reunións informativas co alumnado para indicarlle as datas das probas, criterios, procedementos e instrumentos de avaliación, contidos mínimos esixibles, forma das probas, modelo e cuantificación.
- 2) Traballo na comprensión dos contidos e reforzo da mesma con materiais adecuados ás necesidades do alumnado
- 3) Información, previsión e preparación de probas parciais a realizar conforme ás directrices do calendario oficial de recuperación previsto para pendentes.
- 4) Establecemento de 4 horas trimestrais para seguimento individual e grupal e apoio para a superación dos contidos mínimos esixibles;
- 5) Levarase a cabo a implementación de medidas para a atención á diversidade que remiten a aspectos como a flexibilidade na duración das probas ou ao formato dos apuntamentos.

6. Medidas de atención á diversidade

Esta programación didáctica responde ás demandas de atención á diversidade recollidas no Artigo 7 do DECRETO 86/2015 para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) que precise dunha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais (ACNEE), por dificultades específicas de aprendizaxe (DEA), trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais (ALCAIN), por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar (ECOPHE).

Debense establecer medidas ordinarias e extraordinarias que garantan ó alumnado acadar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa, principalmente no relativo ás condicións de realización das avaliacións, que se deben axustar aos principios de normalización e inclusión, e á intervención educativa precisa derivada desa valoración.

Para garantir esta atención propónse unha estrutura tripartita de todas as sesións, conforme a cal sempre se realizarán actividades de inicio, de desenvolvemento e de síntese dentro da propia sesión. Deste xeito daremos maior cobertura á diversidade do alumnado para que poida ser avaliado, sendo de especial importancia para isto as actividades de síntese, actuando como actividades de afianzamento ou de ampliación, segundo os casos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Igualdade	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Sostibilidade	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participacións no Comando de Igualdade do centro	No centro existe un Comando de Igualdade de recente creación, fanse colaboracións co mesmo de xeito puntual			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Valoración de aspectos xerais da práctica docente
Relacións profesor-alumnado
Aspectos formativos
Aspectos metodolóxicos
Valoración de aspectos xerais da práctica docente
Utilización de materiais e recursos didácticos
Actividade avaliadora

Descrición:

Valoración de aspectos xerais da práctica docente

1. Número de alumnos dos grupos
2. Diversidade do alumnado
3. Interese do alumno pola materia
4. Cantidade de actividades extraescolares realizadas
5. Titorías
6. Comportamento dos grupos
7. Titorías dos grupos
8. Decisión da Comisión de Coordinación Pedagóxica
9. Plan de Atención á Diversidade do Centro
10. Relacións cos compañeiros de Departamento
11. Coordinación co Departamento de Orientación
12. Atención aos itinerarios educativos
13. Fomento da participación do alumnado
14. Levar a cabo a programación prevista
15. Informar a cada grupo dos elementos da programación
16. Perdas de tempo por falta de previsión ou planificación
17. Uso da reflexión na toma de decisións

Relacións profesor-alumnado

1. Actitude dialogante e respectuosa con todo o alumnado
2. Actitude receptiva ás demandas e preocupacións do alumnado
3. Contar cos seus intereses e necesidades
4. Fomentar boas relación de traballo
5. Fomentar o traballo en grupo
6. Fomentar a educación en valores
7. Preocuparse por formar e non so informar
8. Ser consciente da función docente como modelo e como transmisor de valores
9. Intentar que as clases foran interesantes para o alumnado
10. Motivar ao alumnado a traballar sobre a materia
11. Promover unha actitude crítica construtiva e reflexiva

Aspectos formativos

1. Coñezo as últimas novidades en relación coas materias que imparto
2. Coñezo a realidade nacional e internacional para as materias
3. Realizo con frecuencia actividades de formación científico-didáctica

4. Comprendo a utilidade dos últimos cursos de actualización
 5. Coordínome en aspectos formativos con outros profesores
 6. Colaborei co Departamento de Orientación
 7. Percibo necesidades de formación nas materias que imparto
 8. Preocúpome pola innovación educativa
- Aspectos metodolóxicos
1. Preparei as clases con tempo suficiente
 2. Din a coñecer ao alumnado o principal e o accesorio
 3. Elaborei as UD's das materias
 4. Utilicei a metodoloxía establecida na unidade didáctica
 5. Axusteí a miña práctica docente ás necesidades do alumnado
 6. Empreguei unha metodoloxía variada
 7. Propuxen actividades de distintos tipos
 8. As actividades propostas adaptáronse á tipoloxía do alumnado
 9. Preparei actividades de ampliación
 10. Realicei un seguimento persoal do alumnado
- Valoración de aspectos xerais da práctica docente
1. Número de alumnos dos grupos
 2. Diversidade do alumnado
 3. Interese do alumno pola materia
 4. Cantidade de actividades extraescolares realizadas
 5. Tutorías
 6. Comportamento dos grupos
 7. Tutorías dos grupos
 8. Decisión da Comisión de Coordinación Pedagóxica
 9. Plan de Atención á Diversidade do Centro
 10. Relacións cos compañeiros de Departamento
 11. Coordinación co Departamento de Orientación
 12. Atención aos itinerarios educativos
 13. Fomento da participación do alumnado
 14. Levar a cabo a programación prevista
 15. Informar a cada grupo dos elementos da programación
 16. Perdas de tempo por falta de previsión ou planificación
 17. Uso da reflexión na toma de decisións
- Utilización de materiais e recursos didácticos
- 1.
 2. Aporteí ás clases materiais complementarios e actualizados
 3. Empreguei materiais variados sen limitarme ao libro de texto
 4. Recomende ao alumnado bibliografía complementaria
 5. Utilicei as TICs nas clases
 6. Tratáronse unha variedade ampla de textos
 7. Empreguei follas de cálculo
 8. Empreguei presentacións para as exposicións
- Actividade avaliadora
1. Coñezo as diferentes modalidades de avaliación
 2. Din a coñecer os criterios de avaliación ao inicio do curso
 3. Informeí ao alumnado sobre os procedementos de avaliación
 4. Realicei unha avaliación conforme ós criterios indicados
 5. Concibo a avaliación como un proceso
 6. Realicei unha avaliación formativa ao longo do curso
 7. Avalieí a adquisición das competencias
 8. Non me limiteí so a cualificar
 9. Para establecer a cualificación tiven en conta os criterios de cualificación da programación
 10. Os procedementos e instrumentos foron os adecuados

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Efectuarase unha actualización periódica da programación que facilite a adecuación ás necesidades do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Para facelo de xeito razoado e favorecer a operatividade da actualización teranse en conta os seguintes parámetros:

- 1) Periodicidade coa que se revisará: Trimestral (Xaneiro, marzo, maio).
- 2) Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista
- 3) Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.

Terase en conta a necesidade de efectuar unha labor docente baseada na reflexión, polo que se atende á necesidade de pensar no modo no que se deu o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Recóllense no anexo unha serie de rúbricas coas que orientar a actualización da programación e a avaliación da labor docente. Ditas rúbricas, serán empregadas en cada unidade e ó final de curso. Deste xeito poderemos dar conta das múltiples necesidades de adaptación, asemade de favorecer a elaboración da memoria de fin de curso da materia, a aportación á memoria do Departamento e o Plan de Mellora do curso seguinte.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	IES Ribeira do Louro	O Porriño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación física	3º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	29
4.2. Materiais e recursos didácticos	32
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	34
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	35
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	38
6. Medidas de atención á diversidade	38
7.1. Concreción dos elementos transversais	40
7.2. Actividades complementarias	41
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	42
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	43
9. Outros apartados	44

1. Introducción

Programación didáctica para o curso 3º ESO.

INTRODUCCIÓN

A Educación Física xustifícase, aséntase e consolídase coma medio para o desenvolvemento integral do individuo e incremento da súa saúde e calidade de vida ao fomentar unha cultura física baseada no saber, no saber, saber facer e saber estar, posibilitando de xeito progresivo a adquisición de hábitos de práctica físico-deportiva permanente de xeito autónomo, coa consecuente planificación, realización e autoavaliación de actividades físicas. Iso sen quitarlle valor ao carácter eminentemente procedimental da educación física.

Supón un reto para o sistema educativo aportar á comunidade educativa un enfoque que permita colaborar na mellora da saúde da nosa poboación, especialmente no que se refire ao noso alumnado. O noso principal obxectivo é conseguir que o noso alumnado acade niveis de actividade física diaria saudables e viva a experiencia con emocións positivas.

Sendo o deporte a forma máis habitual de entender e practicar a actividade física na sociedade, a Educación Física non renuncia aos contidos de condición física, cualidades motrices, actividades no medio natural e actividades de ritmo e expresión coma medio para desenvolver unha óptima competencia motriz. Do mesmo xeito, ante a emerxente anomia social a Educación Física posibilita a socialización e colaboración en tarefas cun obxectivo común, prestando neste contexto moito énfase na coeducación. Para acadar estes fins, procurárase aplicar a interdisciplinabilidade intra e inter-área.

A Educación Física na ESO e no Bacharelato debe fomentar unha práctica intelixente da actividade física e do deporte no alumnado, de tal xeito que desenvolvan unha actitude crítica e autónoma cara esas actividades, e que comprendan o lugar que ocupan nas súas vidas e no medio sociocultural no que viven. Así, mediante a Educación Física preténdese que o alumnado interiorice a necesidade e a utilidade da actividade física e deportiva como hábito de vida saudable, tanto na actualidade como na súa vida futura. En consecuencia, o noso labor docente debe estenderse a un desenvolvemento de todos aqueles aspectos motores, perceptivos, expresivos, cognitivos e afectivos que integran a educación das persoas e que poden ser abordados dende a Educación Física, respectando en todo momento as características individuais do alumnado e afrontando as adaptacións curriculares necesarias.

Consideramos tamén que a Educación Física debe posibilitar o coñecemento do propio corpo; dos seus cambios e das súas posibilidades. Tamén debe permitir o coñecemento e práctica de diferentes manifestacións de actividade física e deportiva, ampliando a bagaxe motriz do alumnado e as súas opcións de práctica fóra do ámbito escolar.

O desenvolvemento das capacidades e habilidades que perfeccionan e aumentan as posibilidades de movemento do alumnado irá acompañado da reflexión sobre a finalidade, sentido e efecto desa actividade, co fin de garantir experiencias educativas significativas.

Consideramos pois, que debemos deixar de lado a búsqueda do rendemento como produto final, e que no propio proceso (na actividade física) estará o fin do noso labor educativo. Polo que cabe dicir que unha das intencións primordiais deste departamento é a de fomentar e estimular a participación en actividade físico-deportiva fóra do horario escolar.

Por todo isto, consideramos que o noso labor non se reduce á simple transmisión de información e actividades, senón á creación e transformación do coñecemento polo propio alumnado a partires do movemento.

O CENTRO

O centro IES Ribeira do Louro atópase no Polígono Industrial de Torneiros. O seu mercado máis inmediato é a comarca industrial de Vigo e a súa poboación, o polígono carece practicamente de servizos e está mal comunicado coa vila e outras poboacións da contorna.

As características do centro son as seguintes:

- É un Centro público.
- Ten Secundaria, Bacharelato, ciclos formativos e ensinanza de adultos
- Dúas profesoras compoñen o Departamento de Educación Física.

O ALUMNADO

A procedencia do alumnado é heteroxénea porque provén dunha área xeográfica ampla. Unha gran parte das familias

do noso alumnado vive no medio rural sendo a agricultura subsidiaria dentro dos ingresos familiares.

A maioría do alumnado procede de centros públicos: CEIP Cruz, Budiño, CEIP Antonio Palacios, CEIP Ribeira e do colexio Santo Tomás.

As perspectivas de certo alumnado inclínase máis ao mercado laboral que á realización de estudos universitarios. Neste cursos de 3º da ESO a porcentaxe de formación e estudos posteriores repártese á metade entre ciclos de grao medio e superior e bacharelato.

As dificultades socioeconómicas e culturais, ademáis das escasas oportunidades de ter contacto coa cultura fóra do centro inciden no redemento académico do noso alumnado e nas súas expectativas respecto ao futuro.

CONFIGURACIÓN DOS GRUPOS DE 3º ESO

A continuación describese as características máis salientables deste nivel:

No curso de 3º ESO existen este ano académico 3 grupos (A, B e Dc), sumando un TOTAL de 56 alumnos/as e conformado por 3 grupos ca seguinte distribución:

- 3º ESO A: 23 alumnos/as
- 3º ESO B: 23 alumnos/as
- 3º ESO Dc: 10 alumnos/as

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

Cabe sinalar que hai alumnado con materias pendentes doutros cursos (incluíndo Educación Física) a gran maioría integrados no grupo Dc.

Neste nivel de 3º ESO hai alumnado con algunha enfermidade ou lesión destacable para a nosa materia:

Algún caso como diabetes está no PROGRAMA DE ALERTA ESCOLAR (en colaboración coa Fundación 061, que ten como obxectivo a atención inmediata e eficiente do alumnado que presente unha patoloxía crónica e pode desenvolver en calquera momento unha crise). Este programa posibilitará a súa asistencia e que o profesorado teña cobertura de persoal médico que conte con coñecementos dos nenos e nenas con esta problemática.

Con estas actividades de avaliación o alumnado informaranos sobre os coñecementos previos que posúe e o grao de asimilación. Para avaliar as actividades prácticas usaremos táboas de indicadores específicas con diferentes items que reflectan as capacidades psicomotrices, rítmicas, auditivas e interpretativas do alumnado. As probas prácticas daranos a información dos coñecementos teóricos do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	15	15	10	100
Proba escrita	33	26	27	22	22	25	10	24
Táboa de indicadores	67	74	73	78	78	75	90	76

Criterios de cualificación:

-CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN:

Unha vez especificados os criterios de avaliación, o/a alumno/a debe saber que terá que cumprir cunha serie de requisitos mínimos para poder ser avaliado:

- 1.- Puntualidade.
- 2.- Asistencia a clase con regularidade e xustificación das posibles faltas.
- 3.- Actitude positiva, respectando ao profesor e aos seus propios compañeiros.
- 4.- Adquisición do material utilizado en clase.
- 5.- Realización diaria dos exercicios teóricos e prácticos propostos.
- 6.- Evolución positiva ao longo do curso e non ter abandonado a materia.

Instrumentos de Avaliación:

- Probas escritas.
- Cadernos onde se gardan os exercicios, contidos teóricos, comentarios de audicións, partituras, fichas entregadas pola profesora.
- Práctica musical (ritmo, solfexo, interpretacións cos instrumentos da aula...)
- Intervencións persoais, esforzo, interese.
- Actitude respectuosa, participativa e colaboradora.

-Asistencia á clase con todo o material requirido.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN 3º ESO:

-Entrega e cualificación de exercicios e traballos obrigatorios (actividades de percusión corporal, composición de cancións...) Presentación da libreta no caso de que o requira a profesora (15%)

-Coñecementos de linguaxe, teoría e cultura musical, valorados no exame escrito (40%)

-Exames prácticos (ritmo, solfexo, práctica instrumental e vocal) (35%)

-Participación, atención no seguimento das clases e comportamento (10%)

(Se nalgunha avaliación non hai traballo obrigatorio a porcentaxe quedará da seguinte forma: 10% de exercicios e 40% de exames prácticos)

A cualificación final dun alumno/a é susceptible de matizacións ou redondeos tendo en conta a súa traxectoria (ascendente ou descendente) de modo acorde sempre coa dirección cara a que se dirixe a súa progresión ou regresión.

É facultativo do profesor poñer unha nota colectiva nos apartados de práctica vocal e instrumental por terse valorado o proxecto no seu conxunto, o cal valerá tamén como indicativo do esforzo e actitude do alumnado como grupo.

A/o alumna/o non debe deixar sen puntuar ningún dos apartados cualificables. En todos os apartados ten que acadar os obxectivos mínimos e ao longo do curso deberá ter unha progresión e evolución positiva (especialmente na parte práctica da materia)

Valoración das probas escritas: cualificaranse segundo o baremo que o profesor determine para cada pregunta. De ser posible se comunicará o valor de cada apartado ao alumnado antes do comezo do exercicio.

Na cualificación atenderase a:

-A adecuación das respostas aos enunciados das preguntas

-A exposición das respostas de xeito ordenado e lexible.

Valoración da práctica vocal e instrumental

-Interpretación e lectura correcta de alturas e figuras musicais.

-Interpretación correcta do compás rítmico e mantemento do pulso regular.

-Técnica básica de xeito correcto, relaxado e amosando interese.

-Capacidade expresivas e interpretativas.

-Atención e seguimento das indicacións da profesora no ensaio e práctica do instrumento .

Valoración dos traballos de produción propia:

-Adecuación dos contidos ao traballo encomendado.

-Exposición do tema de xeito ordenado e lóxico.

-Corrección caligráfica, ortográfica e sintáctica.

-Utilización de varias fontes de información e síntese realizada a partir delas.

-Orixinalidade e utilización de medios para facer a presentación máis atractiva.

-Facer constar unha conclusión ou parecer propio.

-Coordinación entre compañeiros cando se trate dun traballo en grupo, tanto no reparto das tarefas como na exposición do mesmo.

Valoración do caderno de traballo: o caderno entregarase sempre que sexa requirido pola profesora. Valorarase:

-A súa presentación e limpeza.

-A orde nas actividades tal e como foron realizadas na aula, divididas en unidades didácticas e coas fichas e partituras pegadas correctamente.

-O nivel de realización das actividades.

Cálculo da nota media:

O cálculo da nota media non é resultado únicamente dunha división exacta entre os distintos valores. En primeiro lugar, debe acadar os obxectivos mínimos de cada unidade didáctica para realizar o cálculo e, ademais, existe un factor de corrección ou redondeo á alza ou á baixa en virtude da traxectoria ascendente ou descendente das cualificacións ao longo do ano académico que vai condicionar sobre todo a cualificación final do curso. O obxectivo é que o/a alumna regularice o seu esforzo ao longo do curso e sempre demostre unha dedicación e actitude cara a materia que non amose regresión nin perda de interese.

Valoración da actitude:

A actitude ten un apartado concreto na cualificación é ademais vai incluída en criterios avaliados como :

-Asistencia a clase.

-Puntualidade no horario.

-Aportación de material.

- Coidado e presentación na entrega de traballos/exames.
- Puntualidade na presentación na data dos traballos.
- Respecto á disciplina de ensaio cara a profesora e compañeiros/as.
- Participación en clase.
- Preocupación por entender ben os contidos impartidos.
- Gusto polo traballo ben feito.

Criterios de recuperación:

O alumnado que acade unha cualificación inferior a 5 na 3ª avaliación realizará actividades de recuperación dos contidos teóricos e/ou prácticos da materia non superados.

Estas actividades poderán ser de dous tipos:

1. Actividades novas deseñadas para tal fin no caso de que o alumnado realizase todas as actividades previas ata a 3ª avaliación e non as superase.
2. Actividades repetidas das realizadas ao longo do curso con cualificación negativa ou non presentadas.

-Criterios de cualificación das actividades de recuperación dos contidos teóricos e prácticos: o profesorado informará ao alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para acadar unha avaliación positiva na materia. As novas cualificacións obtidas nas actividades de recuperación utilizaranse para facer un novo cálculo das notas das avaliacións, e a correspondente á avaliación final, seguindo os criterios de cualificación establecidos na programación.

O 22 de xuño todo o alumnado será informado da súa nota da 3ª avaliación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Se algún alumno/a ten a materia de música de 3º ESO pendente deberá asistir nalgúns recreos á aula de música para resolver dúbidas e entregar os traballos e tarefas encomendadas pola profesora.

Realizará algunhas probas escritas sinxelas ao longo do curso relacionadas cos traballos previamente entregados.

Se non segue as indicacións da profesora e non realiza os traballos e os controis requeridos terá que facer un exame teórico final no mes de maio.

Para superar a parte práctica da materia terá que interpretar correctamente algunhas pezas musicais coa frauta e/ou cos instrumentos de láminas ou o ukelele.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

A diversidade do alumnado engloba dende aqueles alumnos/as que son estudantes de música no conservatorio, escolas e academias de música (que poden axudar aportando material, achegando os seus propios instrumentos, facendo melodías complexas e maiores dificultades rítmicas), alumnos/as con dificultades de aprendizaxe, alumnos/as emigrantes, discapacitados e alumnos/as que chegan de distintos centros de procedencia con distinta preparación.

As características peculiares da área de Música permiten certa flexibilidade no proceso de ensino-aprendizaxe para aplicar os distintos niveis de comprensión. O tipo de traballo e actividades musicais para realizar tanto individualmente como en grupo, permiten a repartición por niveis, segundo as aptitudes e a gradación dos coñecementos de cada alumno e alumna. Realízase unha avaliación formativa, partindo da primeira avaliación ou do diagnóstico e da autoavaliación e coavaliación do discente, que axudará a construír as aprendizaxes de xeito individualizado pero motivando ao alumnado no seu traballo e sen que se sinta en ningún momento marxinado. A intención é ofrecer un material que sirva non para todos os alumnos e alumnas, senón para cada un deles.

Algunhas medidas que poden favorecer a adaptación son:

- Ofrecer un repertorio variado no que estean presentes distintos estilos de música.
- Ofrecer un espazo para a improvisación onde teñan cabida as intervencións de todos e cada un dos alumnos e alumnas.
- Expor actividades concibidas como reforzo ou ampliación. Nas actividades en grupo a cada alumno asignaráselle a parte da interpretación colectiva que estea máis en consonancia coas súas aptitudes e posibilidades.

Nos casos necesarios darase a posibilidade de facer traballos de ampliación. Tamén pode haber a titoría entre iguais, dando a posibilidade ó alumnado máis avanzado de axudar ós seus compañeiros e compañeiras. Deste xeito poden arraigar máis profundamente o seu propio coñecemento e para a persoa que recibe a titoría abrimos unha nova posibilidade de aprendizaxe.

A profesora ademais estará sempre dispoñible na aula nalgúns recreos ao longo da semana para posibles dúbidas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente a través dos textos para aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase en actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: Actividades que implican creación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable
- Respeto mutuo: educación emocional e en valores. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita do alumnado de 3º ESO a Celanova e a Vilanova dos Infantes.	O alumnado asistirá a un concerto didáctico de órgano no mosteiro de San Rosendo. Acompañarán á organista cos seus instrumentos e/ou cantando.			
Diversas actuacións no instituto: no Samaín, no Nadal, o día das Letras galegas, en fin de curso...	As pezas musicais traballadas ao longo do curso executaranse en público.			

Observacións:

O alumnado de 3º ESO poderá asistir a outras actividades musicais ou concertos que xurdan ao longo do curso ofertados polo Concello do Porriño ou por outras institucións.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS
Metodoloxía empregada
DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE
Clima de traballo na aula
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe, e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo ou ben comparar a experiencia con outros compañeiros e compañeiras docentes). Nesta proposta poden surpimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

- RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Análise dos resultados obtidos na avaliación final.
- TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS. Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UD como a programación xeral.
- DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS: Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse 2 instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo, e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase.
- MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE: Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, a través da reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias.
- INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN: Mediante unha listaxe de control avaliarase si alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro. Ademais o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma.

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que

funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final de curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade dos materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tendo en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación e propostas de mellora, utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente" , valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	IES Ribeira do Louro	O Porriño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	10
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

1. Introducción

A materia de Proxecto Competencial diríxese ao alumnado de 3º de ESO. No IES Ribeira do Louro imos traballar nun proxecto sobre a vestimenta.

A materia de Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

As competencias poden entenderse como unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes en que os coñecementos se compoñen de feitos e cifras, conceptos, ideas e teorías que xa están establecidos e apoian a comprensión dunha temática concreta. As capacidades enténdense como a habilidade para realizar procesos e utilizar os coñecementos existentes para obter resultados. As actitudes describen a mentalidade e a disposición para actuar ou reaccionar ante as ideas, as persoas ou as situacións.

Nese sentido, as competencias son aquelas que as persoas precisan para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas en distintos ámbitos da vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para desenvolver a súa socialización, lograr a continuidade do seu itinerario formativo e inserirse e participar activamente na sociedade en que vivirán e no coidado da contorna natural e do planeta. Estas competencias desenvólvense cunha perspectiva de aprendizaxe permanente, desde a primeira infancia ata a vida adulta, e mediante a aprendizaxe formal, a non formal e a informal en todos os contextos, incluídos a familia, o centro educativo, o lugar de traballo, a contorna e outras comunidades.

As competencias poden aplicarse en contextos moi distintos e en diversas combinacións, nas que se solapan e entrelazan, xa que determinados aspectos esenciais nun ámbito apoian a competencia noutro. Entre estas competencias intégranse capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e negociación, as capacidades analíticas, a creatividade e as capacidades interculturais.

Deste xeito, a materia de Proxecto Competencial pode configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade, e as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os diferentes saberes.

Para facilitar a concreción curricular desta materia establécense tres bloques:

No primeiro bloque, o propósito é que cada alumna e cada alumno adquiren as competencias necesarias para prever un plan de traballo de cara á realización de proxectos ou a resolución de problemas. Na nosa programación imos organizar un plan de traballo sobre a vestimenta: de que está feita a roupa que levamos, pezas de vestiario típicas das diferentes épocas, a transmisión de valores de cada época, dos oficios tradicionais ata a actualidade, industria téxtil e sostibilidade...

No segundo bloque, unha vez previsto un plan de traballo, o alumnado terá que mobilizar conxuntamente as competencias transversais e os seus coñecementos para, segundo as pautas establecidas, resolver os problemas ou executar os proxectos planificados. Neste bloque pasaremos á acción coa creación dun "libro de tecidos para ler e tocar"; a investigación sobre a industria da vestimenta artesanal no Porriño: costureiras, xastres, zoqueiros e curtidores do noso concello, e procedementos artesanais empregados (traballo da la e mais do liño); o cambio da vestimenta occidental ao longo da historia; o traxe tradicional galego e o doutras latitudes, coa súa adaptación aos ecosistemas; a importancia da industria téxtil na actualidade en Galicia: empresas máis importantes, centros de estudo e formación. Vestimenta e sostibilidade (industria téxtil e contaminación, explotación laboral, reciclaxe, roupa de segunda man...).

De por parte, nos dous primeiros bloques da materia forneceremos ao noso alumnado de estratexias que deben aprender para saber tratar mellor coa información que reciben, cos textos que len ou a información que escoitan por distintas vías. Ensinaremos a buscar información, contrastala para distinguila de informacións falsas, recollela ou incluso modificala para producir novos textos (Alfabetización informacional - ALFIN). Tamén atenderemos á alfabetización mediática, quer dicir, dotaremos ao alumnado de estratexias para comprender a información pero coas características dos distintos medios: a radio, o xornal, a televisión ou a internet (Alfabetización mediática- AMI).

Por último, no terceiro bloque, abórdase a presentación do proxecto competencial por parte do alumnado. Cómpre reforzar a presenza da comunicación nas aulas, e esta materia parece un ámbito adecuado para o facer, polo que máis que a simple exposición do traballado se busca tamén a presentación dun discurso. Por outra banda, neste bloque inclúense aspectos relacionados co emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio. Na presentación final do proxecto o alumnado deberá facer síntese de todo o proceso e sacar as súas propias conclusións de todo o aprendido e de quen o aprendeu. A memoria colectiva é fundamental na transmisión de saber no noso proxecto. Desta maneira, a través da realización de proxectos significativos e da resolución colaborativa de problemas, oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar

para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

Proxecto do curso: "A vestimenta".

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Partindo do máis próximo	1. De que está feita a roupa que levamos? Creación dun "Libro de tecidos para ler e tocar". 2. Na busca das costureiras, xastres, zoqueiros, curtidores... do Porriño. 3. Procedementos artesanais de produción téxtil. 4. Alfabetización informacional (ALFIN) e mediática (AMI)	34	12	X		
2	Un percorrido pola historia. Tipoloxías	1. O cambio no tempo da vestimenta occidental e a transmisión de valores de cada época. A especificidade da vestimenta feminina (pantalón, minisaia...) 2. O(s) traxe(s) tradicionais galegos. Os traxes tradicionais e a súa adaptación aos ecosistemas, aos produtos locais e aos	33	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Un percorrido pola historia. Tipoloxías	valores culturais. 3. Pezas de vestiario típicas das diferentes épocas e países. 4. Mostra dunha selección de indumentarias a partir do vestiario teatral do centro. 5. Alfabetización informacional (ALFIN) e mediática (AMI).	33	12		X	
3	Industria téxtil e sostibilidade	1. A importancia da industria téxtil en Galicia. Empresas e deseñadores máis importantes. 2. Centros de formación. 3. Industria téxtil: contaminación e explotación laboral. A reciclaxe. A roupa de segunda man. 4. Presentación á nosa comunidade educativa dos produtos de investigación obtidos: podcast e presentacións públicas.	33	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Partindo do máis próximo	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Valorar as múltiples posibilidades dun proxecto que xire arredor da vestimenta das persoas.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar os recursos e materiais precisos para a elaboración do proxecto		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	-Buscar as informacións necesarias a través da rede e, tamén, preguntando á veciñanza. -A procura de información en Internet. Identificar noticias falsas. Recoñecer as webs fiables.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Presentar o proxecto na primeira quincena de decembro.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Asesorarse para resolver os problemas técnicos que se poidan producir na gravación dos podcast. Dividir ben as tarefas para que non queden produtos finais sen presentar.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Manter a presentación dos produtos finais, segundo a secuencia e temporalización prevista, como forma de estimular o traballo de investigación e formación.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	-Aprender a investigar para presentar correctamente os traballos, tanto orais como escritos, e citar as fontes.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar todos os recursos.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Anotar nun caderno de traballo as tarefas propostas e as incidencias que poidan xurdir.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Analizar os resultados dos diversos traballos.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o traballo ao resto da comunidade educativa.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar un discurso axeitado, segundo os contidos dados, á hora de expoñer o traballo.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Enxalzar a expresividade á hora de transmitir os contidos traballados.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Utilizar unha linguaxe corporal axeitada na exposición do traballo final.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Presentar o proxecto a través de medios dixitais, audiovisuais ou plásticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	Un percorrido pola historia. Tipoloxías	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Valorar o proxecto	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar os recursos		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar e analizar información		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar adecuadamente		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Proposta de solucións positivas ante os problemas		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Adaptar o traballo ao tempo do que se dispón		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Saber empregar os coñecementos adquiridos		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Usar os recursos axeitados		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Autoxestionarse		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Saber valorar os resultados		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto final		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Expresarse con adecuación		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Expresarse con adecuación		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Emocións positivas cara a materia		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprego de recursos dixitais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	Industria téxtil e sostibilidade	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a temática do proxecto	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Saber escoller os recursos axeitados		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Se analítico/a		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Saber temporalizar		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Analizar as incidencias para darlles solución		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Actuar segundo os tempos previstos		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos dados		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Uso axeitado dos recursos		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Aprender a autoxestionarse		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar o resultado do proxecto		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentación do proxecto		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Expresarse con corrección		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Coidar o discurso na presentación		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas cara o traballo		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Saber usar os recursos dixitais precisos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada será, sobre todo, activa e participativa. O groso da materia empregará unha metodoloxía que parte da base do traballo de investigación do alumnado e a posta en práctica dos coñecementos adquiridos. Empregaremos distintos métodos, que terán en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorecerán a capacidade de aprender por si mesmo. Estes métodos deben fundamentarse na relación entre o progreso persoal e o académico, porque equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente. Impulsaremos o traballo cooperativo para a realización das tarefas, que lles permita ás alumnas e aos alumnos a análise, a expresión e a interpretación de pensamentos, sentimentos e feitos en distintos contextos sociais e culturais, así como o uso da linguaxe para regular a conduta e relacionarse coas demais persoas. Os grupos de traballo serán heteroxéneos, onde cada un dos seus membros realizará o traballo que mellor lle acaia.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA
MATERIAL AUDIOVISUAL E TECNOLÓXICO

Non haberá libro de texto. Farase uso dos recursos bibliográficos da nosa biblioteca e de recursos fiables na rede.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Faremos unha primeira toma de contacto co alumnado indagando no seu coñecemento da materia que imos traballar:

-De que está feita a roupa que levamos?

-Coñecedes no Porriño alguén que traballe ou traballase no sector téxtil?

-Que facedes coa roupa que xa non usades? Sabedes se hai no Porriño algún colector de recollida e onde está?

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Ao tratarse dunha materia de carácter práctico e experimental a avaliación será o resultado da observación do traballo diario do alumnado, a presentación do traballo final de cada unidade, que cadra con cada avaliación, e a implicación activa no proxecto nas tarefas fóra da aula. Terase en conta a seguinte ponderación:

60 % traballo na aula: o traballo diario e participación terá un peso mínimo do 30%; ademais, poderase pedir a presentación dun traballo grupal sobre a materia no que se valorará o seguinte: investigación (10%), coñecemento do tema (10%), oralidade e exposición (10%).

40 % implicación activa no proxecto nas tarefas fóra da aula (tarefas na casa, na contorna e no propio centro)

Criterios de recuperación:

A avaliación será continua e sempre en base ao traballo do alumnado e á súa implicación nun proxecto de carácter anual. É de esperar que todo o alumnado evolucione de maneira positiva e non haxa necesidade de facer unha recuperación, mais, de ser o caso, esta sería sempre en base á exposición/presentación de traballos no período final de cada un dos trimestres.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste caso non procede, posto que esta materia non ten chave no curso anterior.

6. Medidas de atención á diversidade

Esta materia está pensada para o traballo grupal e colaborativo. Os grupos han de ser heteroxéneos e en cada un deles as habilidades e aptitudes do alumnado poden ser variadas e debe potenciarse o traballo de axuda. Un traballo cooperativo onde non haxa lugar para a segregación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	X	X	X
ET.2 - EMPRENDEMENTO	X	X	X
ET.3 - EDUCACIÓN SOCIAL E CÍVICA	X	X	X
ET.4 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
"ENCUNTROS"	Convidaremos a persoas expertas para axudar o alumnado a afondar nos contidos do proxecto e estimulalo na realización dos produtos descritos relacionados coa vestimenta.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula
2. Respeto cara as diferenzas culturais e de procedencia do alumnado.
3. O alumnado foi informado dos criterios de avaliación e do programa do proxecto.
4. As explicacións son claras e as exemplificacións sinxelas.
5. Respeto da puntualidade á hora de entrar na aula.
6. O profesorado mantívose actualizado canto aos contidos.
7. Manter a coherencia entre obxectivos, contidos e criterios de avaliación
8. Metodoloxía precisa e variada.
9. Participación no plan lector do centro.
10. Potenciar a participación e o diálogo dentro da aula.
11. Fomento do uso da lingua galega (esta materia impártese por profesorado do Departamento de lingua galega).

- | |
|---|
| 12. Pasaráselle ao alumnado unha enquisa sobre a práctica docente. |
| 13. Matemento dun seguimento continuo da programación didáctica. |
| 14. Instrumentos e criterios de avaliación son os adecuados para a materia. |

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica. Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados serán inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro utilizaremos os cuestionarios que se lle foron proporcionando ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso. Todos estes datos formarán parte de memoria final e teranse en conta para corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao tratarse dunha materia de carácter práctico e experimental a avaliación será o resultado da observación do traballo diario do alumnado, a presentación do traballo final de cada unidade, que cadra con cada avaliación, e a implicación activa no proxecto nas tarefas fóra da aula. Terase en conta a seguinte ponderación:

60 % traballo na aula: o traballo diario e participación terá un peso mínimo do 30%; ademais, poderase pedir a presentación dun traballo grupal sobre a materia no que se valorará o seguinte: investigación (10%), coñecemento do tema (10%), oralidade e exposición (10%).

40 % implicación activa no proxecto nas tarefas fóra da aula (tarefas na casa, na contorna e no propio centro)

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	IES Ribeira do Louro	O Porriño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	31

1. Introducción

A materia de Xeografía e Historia contribúe á percepción e a análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do devir a través do tempo e do espazo e a análise do cambio como froito da acción humana implica concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea.

Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades e exercitar a cidadanía cara un comportamento cívico.

